



Área / Unidad MRR	Documento 54119I02NE	
Código de verificación  1X2Y 1C0W 363S 5L5F 0SR1	Ed 01	
	Fecha 25-02-2025	

POLÍTICA DE CALIDADE

O Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, como entidade xestora do mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da cidade e responsable da avaliación e información dos datos recollidos, define a súa política de calidade sobre a base dos seguintes compromisos:

- Implantar unha sistemática de traballo na rede a través de procedementos internos que definan, por escrito e de xeito claro e preciso, as tarefas a desenvolver, avaliando ao mesmo tempo os distintos servizos prestados, conseguindo así unha xestión máis **organizada e profesional**, garantindo o cumprimento dos requisitos legais establecidos.
- Xestionar de forma eficiente os medios e infraestruturas ao servizo das redes de vixilancia, permitindo así unha **explotación responsable dos recursos públicos** asignados.
- Analizar permanentemente a información obtida, co fin de anticiparse a posibles erros, traballando sobre a prevención antes que sobre a corrección, mellorando continuamente a calidade dos servizos prestados, co fin de garantir a **satisfacción de todas as partes interesadas**.
- **Formar, informar e sensibilizar** ás persoas ao servizo das redes en cantos aspectos sexan requiridos para o desenvolvemento dos seus cometidos no marco do sistema de xestión da calidade, de xeito que o seu traballo resulte eficaz.
- Establecer **obxectivos e metas de calidade**, realizando un seguimento periódico dos mesmos a través de indicadores que aseguren a mellora continua das redes.

Convencidos de que o medio principal para conseguir estes compromisos é o entendemento, aceptación e seguimento dos mesmos por parte de todo o persoal, a rede dedica os seus esforzos a motivar, integrar e facer participar a todo o seu equipo de traballo nos procesos de mellora continua da calidade, sendo esta de obrigado cumprimento para todas as persoas ao servizo da mesma, estando a disposición de todo aquel que o requira, así como para o público en xeral.

Para dar garantías no referente á adecuada implantación e mantemento do sistema, noméase a un responsable de calidade, quen se encarga do control, supervisión e adecuación do sistema de xestión aos requisitos establecidos. Igualmente, esta política de calidade é revisada cada ano para asegurar que segue a ser pertinente e apropiada, suscitando novos obxectivos, co propósito de mellorar constantemente o sistema de xestión implantado.

A Coruña, na data da sinatura dixital que consta neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente